

## ACTA DE ELEVACIÓN DOS CENSOS PROVISIONAIS A DEFINITIVOS POLA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

### Orde do día:

1. *Censos definitivos.*
2. *Composición da Asemblea Xeral da Federación Galega de Balonmán.*
3. *Presentación de candidaturas á Asemblea Xeral.*

#### 1. Censos definitivos

Ó non existir recursos ós censos provisionais publicados, esta Xunta Electoral, segundo o artigo 8.c) do regulamento Electoral desta Federación Galega de Balonmán, eleva a definitivos os censos provisionais correspondentes.

#### 2. Composición da Asemblea Xeral da Federación Galega de Balonmán

Unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas; a xunta electoral mantén o número de membros da Asemblea Xeral en 60. De acordo cos artigos 18-19 Capítulo VII do regulamento, que reflexan ás porcentaxes e a composición de dita Asemblea Xeral, esta xunta electoral fixa o número concreto de membros de cada estamento, da seguinte forma:

- Estamento de entidades deportivas: 42 membros.
  - A Coruña: 12 representantes.
  - Lugo: 2 representantes.
  - Ourense: 4 representantes.
  - Pontevedra: 24 representantes.
- Estamento de deportistas: 12 membros.
  - A Coruña: 3 representantes.
  - Lugo: 1 representante.
  - Ourense: 1 representante.
  - Pontevedra: 7 representantes.
- Estamento de técnicos: 3 membros.
- Estamento de xuíces e árbitros: 3 membros.

### 3. Presentación de candidaturas á Asemblea Xeral.

Segundo ó artigo 20 do capítulo VII do regulamento electoral, trala publicación dos censos definitivos, mañá día 3 de outubro, quedará aberto o prazo para a presentación de candidaturas a membros electos da Asemblea Xeral por parte, das persoas físicas ou xurídicas interesadas, que figuren no censo definitivo.

Os interesados/as poderán enviar a súa solicitude, antes do día 9 de outubro ás 23:59 horas, ó seguinte enderezo electrónico: [xuntaelectoral.fgbalonman2018@gmail.com](mailto:xuntaelectoral.fgbalonman2018@gmail.com)

E para que así conste esténdese a presenta Acta en Vigo a dous de outubro de dous mil dezaioito.

Do que, eu como secretario, co visto e prace da presidenta dou fe.

**Vº e prace**

María José Rego Iglesias  
Presidenta,

Augusto Aláez Legerén  
Secretario,

Aurelio F. Barreiro González  
Vogal,